

**ORDENANZA FISCAL Nº II.10 REGULADORA  
DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO**

\*\*\*\*\*

**FUNDAMENTO E NATUREZA**

**Artigo 1:**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por RECOLLIDA DO LIXO, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

**FEITO IMPOÑIBLE**

**Artigo 2:**

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa a prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como calquera outro uso dos especificados nas tarifas, sempre e cando o colector de residuos non diste máis de 250 m. dos inmobles e sexa posible ter un en distancia máis próxima.

2.- A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou dos que a súa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

**SUXEITOS PASIVOS**

**Artigo 3:**

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que se beneficien do servizo e con independencia de que ocupen ou utilicen as vivendas, locais ou establecementos localizados nos lugares, prazas, rúas e vías públicas nas que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuario, habitacionista, arrendatario, ou incluso en precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

**RESPONSABLES**

**Artigo 4:**

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e o alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios os administradores

**BENEFICIOS FISCAIS**

**Artigo 5:**

Só se admitirán nesta Taxa as exención e bonificacións que veñan establecidas en Tratados ou Acordos Internacionais, ou en normas con rango de Lei.

**COTA TRIBUTARIA**

**Artigo 6:**

A cota desta Taxa á que fai referencia o artigo 6, será a expresada no ANEXO I adxunto, en función da actividade desenvolvida, podendo terse en conta para a asignación de tarifas os usos especificados polo Catastro Inmobiliario

- As tarifas relacionadas no anexo nº1 serán de aplicación sempre que non excedan de 150 litros diarios de residuos.

- A partir de 150 litros diarios, cobrarase a razón de 0,01 euros por litro e día, previo informe do Xefe do Servizo.

- Nos supostos non previstos nas tarifas se facturará por similitude.

- Nos inmobles onde coexistan dúas ou máis actividades ou usos dos especificados nas Tarifas da Ordenanza tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

- As comunidades de garaxes con máis dunha planta ou que integren edificios con división horizontal propia, facturarase sumando os importes que lles correspondería a cada un dos edificios ou plantas por separado.

#### REDUCCIÓNS:

a) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50 en base á capacidade económica do suxeito pasivo, de conformidade co establecido no artigo 24.4 do RDL 2/2004, no suposto en que se cumpran os seguintes requisitos:

\* Cando os ingresos totais anuais, rateados por meses, non superen o SMI.

\* E non se dispoña de máis propiedades *de pleno dominio en porcentaxe superior ao 20%* que a vivenda onde residan (*non se inclúen neste cálculo os bens rústicos sen construción con valor catastral inferior a 400 €*)

b) Para as unidades familiares de convivencia nas que os ingresos mensuais rateados superen a referencia do SMI, aplicarase o coeficiente exposto cando o importe dos devanditos ingresos, na parte que exceda do SMI, dividida entre o número de membros (excluído o perceptor), non supere os 100,00 €, conforme á seguinte fórmula:

Importe ingresos mensuais rateados – SMI = exceso

Exceso : Nº de membros (excluído o perceptor) = menos de 100,00 euros

c) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 100% para os beneficiarios do RISGA (Renda de Integración social) ou PLAN PREPARA (Programa de recualificación profesional), RAI (Renda

Activa de Inserción), así como as unidades familiares con rendas asimilables ó RISGA, PARADOS DE LONGA DURACIÓN (maior ou igual a 12 meses) e as ONG (Organizacións Non Gubernamentais) debidamente acreditadas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia.

d) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,50% para unidades familiares nas que todos os seus membros superen os 65 anos e os ingresos brutos anuais resultantes por membro sexan inferiores á pensión mínima non contributiva.

e) Á cota tributaria resultante das tarifas da presente Ordenanza, aplicarase un coeficiente de ponderación do 0,90% no caso de entidades sen fins lucrativos e Confrarías de Pescadores. Esta redución terá carácter rogado e surtirá efectos a partir do período de facturación seguinte a aquel no que se solicite.

As reducións das letras a), b), c) e d) terán carácter rogado debendo achegar á solicitude a documentación que sexa requirida polos servizos sociais do Concello, e surtirá efectos a partir do período de facturación seguinte a aquel no que se solicite.

As reducións concedidas terán unha duración máxima de 2 anos. O beneficiario deberá solicitar a renovación dentro dos seis meses anteriores ao semestre no que caduque a citada bonificación. No caso contrario entenderase que renuncia a ela.

Os beneficiarios terán a obriga de comunicar á Administración Municipal calquera modificación nos datos relativos á redución outorgada.

Para aqueles contribuíntes que soliciten a bonificación pero teñan débedas pendentes coa Facenda Local, será condición indispensable para poder tramitar a súa solicitude que o interesado firme un compromiso de pago da débeda.

Si transcorrido un ano dende a firma do compromiso de pago non se efectuaron ingresos destinados a cubri-la, a bonificación será anulada, facturándose, no seu caso, as diferenzas de importes polos beneficios fiscais que xa foran aplicados

#### DEVENGO

##### Artigo 7:

1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento no que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de

recepción obrigatoria do mesmo, cando este establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais empregados polo contribuíntes suxeitos á Taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devengarase o primeiro día do período que sinala a tarifa da Taxa, ou no seu caso, na data na que se realice o feito impositivo, de conformidade co establecido na Disposición Adicional Primeira.

### **DECLARACION E LIQUIDACION**

#### **Artigo 8:**

1.- A Taxa liquidarase cando se presente a solicitude de alta no padrón correspondente.

2.- Si se emprega o servizo sen mediar solicitude darase de alta de oficio no padrón, liquidarase e notificarase a mesma ós interesados sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.- Unha vez producida a alta no correspondente padrón a liquidación desta Taxa acomodarse ó procedemento previsto para o valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc...).

### **INGRESO**

#### **Artigo 9:**

1.- As cotas desta Taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentar a correspondente solicitude polo períodos non declarados, producíndose o alta no correspondente padrón.

2.- Unha vez producida a alta, a Taxa exaccionarase por padrón esixíndose o importe da mesma semestralmente, ou ben no que determine o Alcalde-Presidente ou a Xunta de Goberno Local, nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento de Recadación ou no que sinala a Alcaldía-Presidencia.

3.- O pago dos recibos/liquidacións derivados da aplicación da presente ordenanza poderá ser aprazado ou fraccionado nos termos previstos nas bases de execución orzamentaria.

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

#### **Artigo 10:**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

### **DISPOSICIONS ADICIONAIS**

#### **PRIMEIRA.- DECLARACION DE ALTA**

Os promotores ou propietarios do inmovible están obrigados a efectuar a declaración de ALTA no Padrón Fiscal da Taxa, e surtirá efectos o primeiro día do mes seguinte de obter a licenza de primeira ocupación ou fin de obra se o réxime de propiedade é VERTICAL. Se fora HORIZONTAL, surtirá efectos ós dous meses a contar do seguinte a obter a licenza de primeira ocupación ou fin de obra.

O inicio de actividades económicas (empresariais, profesionais ou artísticas) surtirá efectos o primeiro día do mes seguinte ó seu inicio.

Se presume que o propietario dun local ou vivenda é o beneficiario do servizo e, por conseguinte, o suxeito pasivo contribuínte. Como tal, está obrigado a presentar no Concello a solicitude de ALTA, dentro dos TRINTA DÍAS seguintes a que este finalizada a construción do edificio, ou se empece a prestar o servizo de recollida de lixo na rúa ou zona onde este situada ou adquira a propiedade por calquera título intervivos ou mortis causa. Se lle incluírá no Padrón da Taxa na súa condición de suxeito pasivo contribuínte e se lle estenderán os recibos periodicamente.

**SEGUNDA.-** Non obstante, cando o local ou vivenda, sexa ocupado por persoa física, xurídica ou entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, distinta do propietario, o usuario beneficiario do servizo será o suxeito pasivo contribuínte e o propietario o suxeito pasivo substituto.

Como tal substituto, o propietario, terá a obriga de pagar a Taxa e formular a declaración da Disposición Adicional Primeira.

Cando cambie a actividades que se realice no local ou vivenda, o propietario está obrigado a declaralo ao Concello, para que se practique a oportuna liquidación da Taxa e quede constancia do feito nos citados documentos cobratorios.

**TERCEIRA.-** O pago da Taxa, efectuado polo suxeito pasivo contribuínte, dentro do prazo voluntario, exime ó suxeito pasivo substituto de facelo el. Non obstante, se o pago non se realiza dentro do prazo voluntario, a acción de cobro pola vía executiva, dirixirase en primeiro lugar ó substituto.

#### **CUARTA.- DECLARACIÓN DE BAIXA E VARIACIÓNS**

1.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán a DECLARACIÓN DE BAIXA OU VARIACIÓNS no Censo ou Padrón da Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de facturación.

2.- Os suxeitos pasivos e, no seu caso, o substituto do contribuínte, estarán obrigados a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa. Ditas comunicacións deberán efectuarse antes de que finalice o período natural de facturación que esté establecido e, en todo caso, dentro dos 15 días naturais seguintes ó mesmo.

O incumprimento do disposto no apartado anterior levará consigo a obriga do pago da taxa sen que se teñan en conta ditas alteracións.

**QUINTA.-** Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia estableza unha bonificación do 10% do canon unitario de tratamento por tonelada de residuos domésticos de Sogama e o Concello de Vilagarcía de Arousa deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establécese unha bonificación que minorará o importe da tarifa de xeito proporcional a cada obrigado tributario, por un importe total equivalente ao da dita bonificación.

A bonificación practicarase no padrón do primeiro semestre do ano natural seguinte ao da aplicación da ordenanza fiscal municipal, previo acordo da Alcaldía no que se determine o importe total da minoración a practicar.

#### **DISPOSICION FINAL**

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 20 de outubro de 2022, e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 49 e 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

#### **Fechas anteriores modificacións:**

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 17/12/2001  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2004  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007  
PUBLICADO BOP: 26/12/2008  
PUBLICADO BOP: (modif. tarifas 2º sem/12): 19/03/2012  
PUBLICADO BOP: 11/02/2013  
PUBLICADO BOP: 30/12/2013  
PUBLICADO BOP: 30/12/2014  
PUBLICADO BOP: 29/12/2015  
PUBLICADO BOP: 30/12/2016  
PUBLICADO BOP: 28/12/2017  
PUBLICADO BOP: 18/12/2019

#### **Fecha modificación actual:**

PUBLICADO BOP: 28/12/2022

ANEXO I

	€/mes
<b>TARIFA A - CLAVE 1</b> Almacéns auxiliares, arquivos, asociacións de veciños, bebidas alcohólicas-almacén, cemiterio, churrerías, corte e confección-academia, establecementos menores en portal, garaxe de autobuses <i>e/ou camións</i> , garaxes comunitarios (un edificio ou planta) e garaxes particulares para máis de 3 vehículos, igrexas-capelas, quioscos, local parroquial, madeiras-almacéns, modistas-taller, postos exteriores na praza de abastos, relixioso (igreja, capela...), revistas e xornais, xastrerías-taller	10,30
<b>TARIFA B - CLAVE 2</b> Centro asistencial, postos ambulantes no mercadiño da praza de abastos e arredores, garaxes particulares ata 3 vehículos.	7,35
<b>TARIFA C - CLAVE 3</b> Avogado-despacho, academia, alfándegas-axencias, alimentación taberna-servizo, alimentación tenda x.r.-venta polo miúdo, aluguer coches sen condutor, antigüidades-venta polo miúdo, aparelador-estudio, arquitectos-estudio, asesoría, , asociación de amas casa, autoescolas-academias, automóbil-exposición, barberías, bares, bazares-venta polo miúdo, bicicletas e motocicletas-exposición, bicicletas-venta polo miúdo, quincalla-venta polo miúdo, bolsos-venta polo miúdo, calzado reparación-taller, calzados-venta polo miúdo, cámara oficial de comercio, camisería-venta polo miúdo, carnicerías, casas de oficios, centro psicotécnico, cestería-venta polo miúdo, ferrallerías, club xubilados, confraría pescadores, comercio de bolsos e maletas, confeccións-exposición, confeccións-venta polo miúdo, confeitaría pastelería-venta polo miúdo, construción contratistas, contabilidade oficinas, corredores de comercio, coiro diverso-venta polo miúdo, decoración, delegacións xornais-oficinas, deportes-venta polo miúdo, despacho e vivenda, dietética e nutrición, discos e cassettes-venta polo miúdo, elaboración p. cárnicos, ensino-academia, estudio, exposicións en xeral, extensión agraria, federación de empresarios, florería-exposición, fontanería-taller, gases combustibles-oficinas, lambetas-venta polo miúdo, graduado social-oficina, alabartería e talabarterías, facenda-delegación, hostais e hospedaxes 1 pranta, idiomas-academias, importación-exportación axencia, INEM-instituto nacional de emprego, instrumentos musicais-venta polo miúdo, xardíns de infancia-garderías, xoiería e prateria-venta polo miúdo, xoiería e relojería-venta polo miúdo, xogueterías venda polo miúdo, candeeiros-venta polo miúdo, lás-venta polo miúdo, lapidarios-taller, lavandarias, leite e derivados-despacho, lencería, louza e cristal-exposición, louza e cristal-venta polo miúdo, maquinaria-exposición, médico e vivenda, mercerías-venta polo miúdo, montaxes eléctricos-oficina técnica, motocicletas-venta polo miúdo, moblerías-exposición, música-academia, notaría, nutrición e dietética-venta polo miúdo, obras novas urbanas-venta, <i>obxectos usados-compra/venta</i> , oficina representacións, oficinas, ópticas, ordenadores-venta polo miúdo, organización nacional de cegos, ouro compra-venta, tendas de paxaros, pandespachos, partidos políticos-oficinas, parvulario, perruquería cabaleiros, perruquería donas, perruquería donas e cabaleiros, perruquería e vivenda, perruquería-academia, peles-venta polo miúdo, prendas punto-venta polo miúdo, profesionais-despacho, psicólogo-consulta, publicidade/serigrafía, punto inspección fronteiriza (PIF), quincallas-venta polo miúdo, quioscos, radio-xoguetes-venta polo miúdo, recadación de tributos-oficina, agasallos-venta polo miúdo, relojería-venta polo miúdo, revistas e xornais-venta polo miúdo, roupa fogar-venta polo miúdo, salóns de beleza, seguros sociais-oficinas, seguros-oficinas, servizos diversos-empresa, subministro eléctrico-oficinas, tabernas, tecidos-venta polo miúdo, teléfono-s.p., teléfonos e radio-instalación, teléfonos-venta polo miúdo, tinturerías, locais sindicais, ventido tocado-venta polo miúdo, viaxes-axencias, viños-venta polo miúdo	16,95
<b>TARIFA D - CLAVE 4</b> Animais e prantas-venta, Fertilizantes-venta polo miúdo, alimentación-venta polo miúdo, análises clínicas, laboratorios, aparatos eléctricos-reparación, auditorio, bicicletas reparación-taller, café-bar, carpintaría non mecánica-taller, cementos-venta polo miúdo, centro control medio maríño, cereais-venta polo miúdo, cetarias, clínica dental, cociñas-venta e instalación, conxelados-venta polo miúdo, consignatarios de buque-oficinas, copistería, cristalerías-venta polo miúdo, depuradora, droguerías-venta polo miúdo, efectos navais-venta polo miúdo, electrodomésticos-venta polo miúdo, electrónica e r.t.v. comp.-venta polo miúdo, farmacéuticos-laboratorios, farmacias, farmacias e ópticas, ferraxerías-venta polo miúdo, fincas urbanas-administración, fisioterapia, formación profesional-colexio, fotografía-estudio, fotografía-laboratorio, fotografía-venta polo miúdo, froitas e verduras-venta polo miúdo, xestorías, ximnasios, billame e similares- venda polo miúdo, hamburguesería, xeadas	23,30

<p>ría, xelo-fábrica de, fogar xuvenil, hostalería-venda maquinaria, inmobiliarias-axencias, instituto n. ensinanza media, xabóns e lixivias-venda polo miúdo, xoiería-taller, librerías, madeiras-venda polo miúdo, maquinaria agrícola-venda polo miúdo, maquinaria eléctrica-venda polo miúdo, materiais tecnoindustriais-venda polo miúdo, materiais de construción-venda polo miúdo, materiais eléctricos-almacén e oficinas, materiais sanitarios-venda polo miúdo, material construción-almacén, material eléctrico-venda polo miúdo, material oficina-venda polo miúdo, médicos-consulta, monopatíns a motor-venda polo miúdo, motocicletas reparación-taller, mobles de cociña-venda polo miúdo, oficinas mat. e suministro-venda polo miúdo, ortopedia, paquetería-venda polo miúdo, patacas e verduras-venda polo miúdo, perfumerías-venda polo miúdo, pizzería, protésico dental-taller, portas e fiestras-venda polo miúdo, refrescos-cervexas-auga-almacén, radio tv ordenadores telefonía-taller, relojería-taller, rótulos-taller de, sanitarios artigos-venda polo miúdo, saunas e masaxes, sociedade de recreo (*), seguridade e hixiene-centro de, soldadura-venda polo miúdo artigos, subministrados industriais, tabacos expendeduría, tabacos-administración, torneiro-taller, ultramarinos-venda polo miúdo, veterinaria-consulta, vídeo club, viños e bebidas refrescantes-venda polo miúdo.</p> <p>(*) Club de Tenis/Piscina Municipal.</p>	
<p><b>TARIFA E - CLAVE 5</b> Acristalamiento edificios-taller, axuste-taller, almacén frigorífico, automóbil-exposición e venda, automóbil-lavado e engraxe, automóbil-reparación rodas, automóbil-taller chapa pintura, automóbil-taller eléctrico, automóbil-taller mecánico, autorreposto-venda polo miúdo, autoservicios, autoservicios con carnicería e peixes, bar e xogos recreativos, fábrica de bloques, caldeiría-taller, calefaccións, cámaras e cubertas-venda e reparación, camiós-exposición e venda, carburantes lubricantes-venda polo miúdo, carpintería metálica-taller, cerraxería e ferrería-taller, cinematógrafos, comedor personal, confección-taller, correos e telecomunicacións, cadros e molduras-taller, cordas-fábrica, cultivo de ostra, decoración-taller, depuradora, ebanistería e carpintería-taller, electricidade-taller, electrolisis cinc-taller, escobillas-fábrica de, fábrica de conxelados, ferrallistas-taller, florerías, fontanería calefacción-taller, formigóns-fábrica, forxados e viguetas-fábrica de, frigoríficos-cámaras, frío-taller reparación, garaxes servizo público, gases combustibles-almacén e venda, gasosas e sifóns-fábrica de, instalacións eléctricas alta baixa tensión-taller, instalacións eléctricas-taller, xoiería e pratería-fábrica de, xogos recreativos, ladrillo-fábrica de, lanchas e motoras-fábrica de, maquinaria industrial-reparación e venda, mariscos e peixes-venda, marmorería-taller, motores mariños-taller, moblerías-venda polo miúdo, obradoiro e venda pastelería, oficinas e taller, pan e bolos-fábrica de, parquet-fábrica de, pastelería ou confeitaría-fábrica de, peixerías, pompas fúnebres, practicantes-clínica, portas e persianas-venda polo miúdo, queixos e manteigas-fábrica de, radio-emisoras, remolques-fábrica, soldadura e forxa-taller, taller de reixas e enreixados, taller granitos, taller mecánico, taller mecánico naval, taller reparación bombas inxectoras, tapicería-taller, teatros, transportes-axencia.</p>	<p>27,50</p>
<p><b>TARIFA F - CLAVE 6</b> Abonos fertilizantes-venda por xunto, asfaltos-venda por xunto, autorrepostovenda por xunto, bebidas-venda por xunto, bodegas, calzados-venda por xunto, carburante lubricantes-venda por xunto, casas comidas, cementos-venda por xunto, cereais-venda por xunto, coloniais-venda por xunto, confeccións-venda por xunto, cristaleras-venda por xunto, deportes-venda por xunto, droguerías-venda por xunto, elaboración e envasado viños-venda por xunto, embarcacións-venda por xunto, ferraxerías-venda por xunto, froitas-venda por xunto, xoierías e praterías-venda por xunto, limpeza-venda por xunto produtos, loterías-administración, lubricantes-almacén venda por xunto, madeiras-venda por xunto, maquinaria agrícola-venda por xunto, maquinaria eléctrica, venda por xunto, marcos e pintura-venda por xunto, materiais construción-venda por xunto, material eléctrico-venda por xunto, motocicletas-venda por xunto, moblerías-venda por xunto, paquetería-venda por xunto, peixe-venda por xunto, peles país-venda por xunto, prefabricados, produtos químicos-almacén, quinielas-administración, recubrimentos pisos-venda por xunto, relojería-venda por xunto, restaurantes, sal-venda por xunto, sanitarios artigos-venda por xunto, tecidos-venda por xunto, viños -venda por xunto</p>	<p>31,70</p>
<p><b>TARIFA G - CLAVE 7</b> Alimentación produtos-venda por xunto, almacén xeral-venda por xunto, industrias transformadoras de peixe e/ou marisco (conservas/depuradoras/cocedeiros/etc.), asfaltos-elaboración, estaleiros, automóbil-taller xeral e ITV, baldosas terrazos pavimentos-fábrica de, barras americanas, bombas de fluidos-fábrica de, café-teatro, cafeterías especiais, carrocerías-fábrica de, cepillos-fábrica de, churrascos, clínica, conservas-fábrica de, construcións metálicas-fábrica de, depósitos-fábrica de, diálisis-centro de, disco-bar, economatos-empresas, envases metálicos-fábrica de, estación autobuses, fundicións e aleacións-fábrica de, imprenta-taller, imprentas e papelerías, industria metal,</p>	<p>38,10</p>

*Ordenanza Reguladora da Taxa por Recollida do Lixo*

maquinaria industria conserveira-taller, motores mariños-fábrica de, mobles-fábrica de, plásticos-fábrica de, produtos lácteos-fábrica de, pub, recuperación estaño-fábrica, <i>terminal contenedores</i> .	
<b>TARIFA H - CLAVE 8</b> Discotecas, salas de festas, salóns de baile, pavillóns feriais	61,10
<b>TARIFA I - CLAVE 9</b> Bancos, caixa postal, caixas de aforros	81,45
<b>TARIFA J - CLAVE 10</b> Ambulatorio, bingos, EDAR, sanatorios, supermercados	76,00
<b>TARIFA K_ - CLAVE _11_</b> Almacén trasteiro, galpóns/construcións auxiliares en finca independente (sen construción principal nin WC e/ou cociña), local trast.	3,00
<b>TARIFA L - CLAVE 12,</b> Misioneiros residencia, residencia monxas, vivenda/construción auxiliar uso residencial (fin de semana), local baleiro, casas turismo rural, apartahotel (por cada apartamento)	8,85
<b>TARIFA CH - CLAVE 28</b> Colexio 1 planta	16,95
<b>TARIFA LL - CLAVE 29</b> Colexio 2 plantas	33,70
<b>TARIFA P - CLAVE 30</b> Colexio 3 plantas	50,75
<b>TARIFA Q -CLAVE 50</b> Hostais e hospedaxes 1 planta	16,90
<b>TARIFA R - CLAVE 51</b> Hostais e hospedaxes 2 plantas	33,70
<b>TARIFA S - CLAVE 52</b> Asilo Anciáns, Hostais e hospedaxes 3 plantas	50,75
<b>TARIFA T - CLAVE 53</b> Hoteis 1 planta	23,30
<b>TARIFA U - CLAVE 54</b> Hoteis 2 plantas	46,40
<b>TARIFA V - CLAVE 55</b> Hoteis 3 plantas	69,75
<b>TARIFA X - CLAVE 56</b> Hoteis 4 plantas	93,05
Para calquera outro uso non especificado nas tarifas facturárase por similitude, previos os informes dos Técnicos Municipais.	